

ABAU 2018

HISTORIA DE ESPAÑA

CIRCULAR INFORMATIVA

Esta circular informa das características do novo modelo de exame e dos criterios de avaliación deste. O grupo de traballo cumpre así o seu compromiso de presentalo á comunidade educativa a primeiros de novembro. É este un obxectivo importante, pois moitos de vós insististes nas últimas semanas na urxencia de coñecer o número de preguntas, as súas características e a materia que sería avaliada na composición.

Aínda que todas estas demandas eran lóxicas e razoables, o grupo necesitou tempo para valorar as distintas posibilidades, tendo en conta tanto as inquiredanzas do profesorado como os retos xerados pola LOMCE. E estes sitúanos ante a responsabilidade de deseñar unha proba equilibrada, que permita sobresaír ó alumnado que está afeito a pensar historicamente e expresarse en consecuencia, sen penalizar a quen ten máis dificultades para facelo.

Para a súa elaboración o grupo de traballo tivo en conta a normativa¹, consultou as características da ABAU 2017 no resto das comunidades autónomas², coñeceu os contidos dos escritos chegados á miña dirección de correo electrónico e debateu un total de seis documentos de traballo referidos ós distintos aspectos da proba.

¹ A orde ministerial ECD/1941/2016 de 22 de decembro sinala que a proba debe ter un mínimo de dúas preguntas. Ademais indica que haberá preguntas semiabertas (con resposta correcta inequívoca e que esixen construción por parte do alumnado) e abertas (preguntas que esixen construción e non teñen unha soa resposta correcta inequívoca)

² Esta análise mostra tres grandes modelos de exame:

- a) Exame único (soamente preguntas): Andalucía (4 preguntas), Asturias (7), Cantabria (6), Canarias (4), Castilla y León (5), La Rioja (5).
- b) Exame combinado (parte de preguntas/parte de comentario tradicional): Aragón (65% preguntas/35% comentario), Baleares (70/30), Castilla la Mancha (75/25), Extremadura (70/30), Madrid (55/45), Murcia (pregunta-tema 40/ comentario ou pregunta tema a elixir 60), Navarra (65/35), País Vasco (50/50)
- c) Exame mixto (comentarios tradicionais+preguntas relacionadas): Cataluña (50/50), Valencia.

A resultas deste proceso, deseñouse un exame con 3 exercicios, tal como se expón de seguido:

1. Pregunta semiaberta: definir conceptos históricos básicos (2 puntos).
2. Pregunta aberta: responder a unha cuestión entre dúas opcións posibles (3 puntos).
3. Composición histórica (5 puntos).

1.- Definir conceptos históricos (2 puntos):

Preténdese que o alumnado amose precisión no manexo dos termos históricos. A resposta debe ser concreta, conforme ó estilo das entradas dos dicionarios especializados. Recoméndase unha extensión máxima de 3-4 liñas por concepto.

Os conceptos para definir serán 4 e o seu valor total 2 puntos (0,5 puntos por concepto).

No anexo desta circular figura a relación de conceptos avaliados na proba deste ano.

2.- Pregunta para desenvolver (3 puntos):

O obxectivo deste exercicio é que o alumnado mostre o seu dominio dos contidos, pero tamén a súa capacidade para artellar unha resposta razoada e coherente.

A resposta debe cingirse á cuestión presentada. Recoméndase unha extensión máxima dunha cara de folio (25-30 liñas).

O seu valor é de 3 puntos.

Na proba deste ano as dúas opcións (a escoller unha) serán:

- a) Unha pregunta sobre a problemática do século XVIII (Reformismo borbónico ou Ilustración)
- b) Unha pregunta sobre época contemporánea (dun século diferente ó que sexa obxecto da composición histórica)

3.- Composición histórica (5 puntos):

Os obxectivos deste exercicio son similares ós de anos pasados. A materia obxecto da composición será a parte de Historia Contemporánea de España, de xeito que unha das opcións se referirá ó século XIX e outra ó século XX.

Valor do exercicio: 5 puntos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

De xeito transversal terase en conta a corrección ortográfica e gramatical, a exposición ordenada de argumentos e o manexo do vocabulario específico da materia.

- **Pregunta de conceptos:** teranse en conta a precisión terminolóxica, a claridade expositiva, a capacidade de síntese e a contextualización axeitada, de ser o caso.
- **Pregunta para desenvolver:** teranse en conta a comprensión dos elementos básicos da cuestión presentada, a precisión espazo-temporal, a capacidade de síntese e a capacidade para elaborar unha resposta razoada.
- **Composición histórica:** teranse en conta a capacidade de análise, a capacidade relacional, a axeitada utilización dos documentos e a precisión espazo-temporal.

Cómpre aclarar que o mero resumo ou reprodución dos documentos (paráfrase) será cualificada como suspenso. Os documentos servirán como punto de partida do discurso, pero o alumnado debe amosar o dominio do tema. Isto esixe a contextualización dos textos, a interrelación deles, a súa análise pausada e a introdución de información suplementaria, co obxectivo de mostrar unha explicación coherente da problemática histórica presentada.

PREVISIÓNS PARA CURSOS VINDEIROS:

Este modelo de exame está pensado para manterse nos anos vindeiros, a salvo das modificacións derivadas do cambio de contidos. De non mediar novidades legislativas, a situación sería a seguinte:

- Conceptos:*** a previsión é facer unha lista final de 70 conceptos. Este ano publicamos e preguntaranse unicamente os correspondentes ó século XVIII e á época contemporánea. A eles engadiríanse no futuro 21 conceptos máis correspondentes a outros períodos históricos anteriores.
- Pregunta para desenvolver:*** a previsión é manter a posibilidade de elixir unha pregunta entre as dúas opcións ofertadas. As preguntas referiranse a etapas históricas pre-contemporáneas.
- Composición histórica:*** xa que a época contemporánea é a única tratada coa profundidade suficiente para facer un exercicio deste tipo, a composición histórica seguirá centrándose neste período (mantendo tamén as dúas opcións, unha centrada na materia do século XIX e outra do século XX).

PREVISIÓNS SOBRE CAMBIO DE CONTIDOS:

Tal e como indiquei na circular anterior, ó longo deste curso o grupo traballará na modificación de contidos derivada da aplicación da orde ministerial de 23 de decembro de 2016. Neste proceso interézanos coñecer as vosas suxestións e propostas, de xeito que agradecemos o envío delas á seguinte dirección de correo electrónico (abauhistoria@gmail.com). Unha vez recibidas e rexistradas, o seu contido será estudado polo grupo de traballo.

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN DA MATERIA NOVA:

A avaliación terá como obxectivo comprobar que o alumnado coñece os aspectos fundamentais das temáticas seleccionadas. As cuestións de atención preferente nos exames serán ás seguintes:

- SÉCULO XVIII

Reformismo borbónico:

A nova filosofía de goberno. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos. As transformacións da administración central: a potenciación das Secretarías de Despacho. Os cambios da administración territorial: a xeneralización das capitanías xerais e a aparición dos intendentes. Os intentos de reforma da facenda real. A reforma militar: os cambios no exército e a revitalización da mariña nos reinados de Felipe V e Fernando VI. Os avances do regalismo.

Ilustración:

Os principios básicos do ideario ilustrado. Os ilustrados españois. Reformismo e Ilustración no reinado de Carlos III: reformas económicas e fomento da educación. As vías de difusión do pensamento ilustrado: as Sociedades Económicas de Amigos do País e a prensa periódica. As limitacións do proxecto ilustrado. A Ilustración en Galicia: institucións e ilustrados galegos.

- ÉPOCA CONTEMPORÁNEA

Os mesmos que se viñan manexando en anos anteriores.

Ademais desta circular, publícase tamén un momento de exame para as probas de ABAU de 2018

M^a del Carmen Saavedra Vázquez
Coordinadora do Grupo de Traballo de Historia de España

ANEXO

LISTADO DE CONCEPTOS AVALIABLES

(pregunta de conceptos)

Século XVIII: (7)

Antigo Réxime	Motín de Esquilache
Catastro de Ensenada	Paz de Utrecht
Decretos de Nova Planta	Regalismo borbónico
Despotismo Ilustrado	

Século XIX: (18)

Afrancesados	Manifiesto de Sandhurst
Abdicación de Bayona	Pragmática Sanción de 1830
Caciquismo	Pronunciamento
Cantonalismo	Pucherazo
Desamortización	Rexeneracionismo
Encasillado	Sistema de quenda
Estatuto Real	Sufraxio censatario e universal
Ludismo	Tratado de Valençay
Manifiesto dos Persas	Unión Liberal

Século XX: (24)

Agrarismo	Lexión Cóndor
Bienio Negro	Nacional-catolicismo
Brigadas Internacionais	Pacto de San Sebastián
CEDA	Pactos da Moncloa
Contubernio de Munich	Plan de Estabilización
Desastre de Annual	Plataxunta
Directorio Militar	Sanjurjada
Expediente Picasso	Sección Femenina
FAI	Semana Tráxica
FET das XONS	Sindicato vertical
Fronte Popular	UCD
Lei para a reforma política	Unión Patriótica